

Obxecto:	Solicitude Informe Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto de interese autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Coto Loureiro
Concellos:	Cerceda e A Laracha (A Coruña)
Promotora:	Adelanta Corporación S.A.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2018/37
Data rexistro:	18.03.2022
Expediente:	03.I.648.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2273/2017 (Servizo de Arquitectura)

O 18.03.2022 ten entrada, no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se poñen a disposición da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Coto Loureiro, (agosto 2021)* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Coto Loureiro (febrero 2021)*, nos concellos de Cerceda e A Laracha (A Coruña).

De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canón eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, solicítase que a DXPC emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES:

O 28.05.2001 a DXPC emitira un informe favorable do Parque Eólico Pena Galluda en base a un estudo de impacto sobre o patrimonio cultural realizado polo arqueólogo Tomás Rodríguez Fernández, onde se establecían unha serie de medidas correctoras. Nese estudo identificábase o Camiño Real de Gondar a Cerceda e establecíase como medida correctora que as obras que se realicen no Camiño Real non poderán variar a traza nin a rasante do mesmo, así coma deberán respectarse os seus límites físicos. Cómpre indicar que este aeroxerador sitúase no extremo oeste do Parque eólico Coto Loureiro, que agora se somete a informe.

O 05.10.2020 a DXPC autorizou a arqueóloga Paz Blanco Sanmartín para realizar a Prospección arqueolóxica para a realización do Estudio de Impacto Patrimonial do PE Coto Loureiro (Cerceda e A Laracha, A Coruña) (CT 102A 2020/769).

O 18.05.2017 a DXPC emitiu un informe do Documento Ambiental Inicial Parque Eólico Coto Loureiro, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria. No dito informe indicábase, entre outras consideracións, que o Estudo de Impacto Ambiental debía contar cun estudo de visibilidade (foto-simulación) de cara a avaliar a incidencia do parque no Mosteiro de San Pedro de Soandres e no seu contorno, en especial a visión dos aeroxeradores 15, 16, 17 e 18 desde este ben e o seu contorno, valorando o impacto que puidera xerar e como mitigalo.

O 08.10.2021 a DXPC emitiu un informe favorable do documento Estudo de avaliación de impacto ambiental simplificada para repotenciación do PE de Pena Galluda (noviembre 2020), condicionado, entre outros aspectos a que se tería que identificar na cartografía de obra e na planimetría do proxecto o Camiño Real de Gondar a Cerceda, do cal non se poderán variar a traza nin a rasante do mesmo, e deberán respectarse os seus límites físicos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*



- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Coto Loureiro (ADE Pedrouzos) de 50 MW de potencia total, que constará de 14 aeroxeradores, 13 máquinas de 3,6 MW de potencia nominal e un de 3,2 MW, 105 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor, e mais a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, instalacións auxiliares, sistema de drenaxe, plataformas de montaxe, gabias de cableado, subestación.
- O Parque eólico Coto Loureiro evacuará a súa enerxía dende a SET do parque eólico cunha liña en tensión 220 KV ata a Subestación do PE Monte Inxeiro. Contigua a esta subestación proxéctase outra para a interconexión do PE Coto Loureiro. Dende a subestación do PE Monte Inxeiro, deséñase unha liña aérea 220 KV que conectará coa liña de alta tensión (LAT) 220 KV que conectará coa liña LAT 220 Campelo-Mesón do Vento. A liña 220 kV entre a subestación do PE Coto Loureiro e a subestación de interconexión coa subestación do PE Monte Inxeiro serán obxecto de expedientes diferenciados para trámite de autorización das instalacións de conexión.
- Das dúas alternativas analizadas no estudo de impacto ambiental (A e B), a elixida é a alternativa A, que se presenta como a máis favorable ambientalmente.
- Os accesos ao parque eólico proxéctanse a partir da estrada autonómica AC-400, entre os PK 19 e 20, no núcleo de Cerceda. Dende aí segue uns 3,5 km en dirección NW pola estrada municipal que une os núcleos de Cerceda co de Portodoso ata o lugar de Lamagueiras, de onde parten os viarios principais do parque. Os camiños interiores do parque, tanto os que se executan de novo como os xa existentes, terán que ter unha anchura mínima de seis metros, e, a maiores, faranse cunetas e noiros.
- No apartado 7.-Inventario Ambiental, subapartado 7.4.9.-Inventario del Patrimonio histórico-artístico y arqueológico, indícase que se fixo unha revisión das fichas da DXPC, dos visores e da cartografía e a comprobación da información recollida no traballo de gabinete, cunha prospección arqueolóxica extensiva da área da poligonal do parque e intensiva na banda dos 200 m na zona de implantación das infraestruturas do parque. Inclúe un listado con 12 elementos do patrimonio arqueolóxico e remite ao Anexo H do EsIA, onde se recollen os impactos e as medidas protectoras e correctoras para minimizar as afeccións.
- No apartado 8.-Identificación y valoración del impacto ambiental, subapartado 8.4.21.-Arqueología y Patrimonio Cultural, remítese ao Anexo H.
- No apartado 9.-Efectos acumulativos o sinérgicos, non se fai referencia a estes efectos sobre o patrimonio cultural.
- Nos apartado 11.-Medidas correctoras y protectoras, subapartado 11.1.10.-Medidas de control arqueológico, e 11.2.-Medidas de carácter específico. Subapartado 11.2.11.-Patrimonio Cultural, recóllense as medidas propostas, tanto as xerais coma as específicas, e remítese ao Anexo H, no que se expoñen de forma máis detallada.
- Nos Anexos D.-Estudio de impacto e integración paisajística, e no Anexo K.-Estudio de sinergias, non se analizan estas afeccións sobre o patrimonio cultural.



- No Anexo D, punto 7 Infografías achéganse varias simulacións fotográficas nas que se pode comprobar a visibilidade das instalacións do parque eólico desde distintos núcleos de interese, miradoiros e elementos patrimoniais próximos. Inclúense infografías desde as proximidades ao Mosteiro de San Pedro de Soandres (C01) e á Igrexa de Montemaior (C03 e C04), entre outros lugares. No apartado 10 Impactos del proyecto conclúese que o impacto é moderado.
- No Anexo H, Estudio arqueolóxico, preséntase a memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, cos resultados da Prospección arqueolóxica para a avaliación sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Coto Loureiro, en Cerceda e a Laracha, A Coruña) (CT 102A 2020/769-0), asinado pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín. O documento consiste na avaliación do impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados na poligonal do parque eólico. Preséntanse fichas individualizadas dos bens afectados, nas que se recollen os posibles impactos, e se propoñen unhas medidas correctoras específicas. A valoración do impacto sobre os bens directamente afectados polo proxecto é a seguinte:

Código	Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
GA15041025	Mámoa O Forno dos Mouros	A 40 m ao NL do xacemento, rectificárase a curva dunha vía. A obra proxectada para modificar a pista existente sitúase a 78 m. O viario cara ao aerogenerador 8 localízase a máis de 200 m.	Moderado
GA15041026	Túmulo As Medorras/Fonte do Ouro	O viario entre os aerogeneradores 5 e 6, sitúase a 90 m ao norte da mámoa. O acondicionamento desta vía non amplía a caixa da pista, só o taboleiro de rodadura. A gabiá de cableado sitúase ao lado contrario do viario, a uns 100 m ao norte do xacemento.	Moderado
GA15041024	O Forno dos Mouros do Coto de Altamira	O aerogenerador 9 e unha zona de acopios sitúanse a 180 m ao NW do túmulo. A gabiá de cableado proxéctase a 190 m do túmulo, e se proxecta por terreos sen alteracións previas.	Compatible
TO15041003	Fonte das Meigas	Os aerogeneradores 10 e 11 situaríanse no ámbito dos 200 m das posibles zonas nas que se pode situar o topónimo. O extremo máis preto do aerogenerador 11 situaríase a uns 55 m ao sur da zona indicada co topónimo segundo figura no PBA. E a uns 60 m ao norte da localización do topónimo segundo a planimetría catastral. O aerogenerador 10 situaríase a máis de 200 m da situación grafada e a uns 100 m da condución de auga localizada.	Compatible
GA15041019	O Forno dos Mouros	As obras relacionadas coa construción do parque sitúanse a máis de 500 m ao norte do xacemento arqueolóxico. Pero existe unha pista a uns 15 m ao suroeste do túmulo que podería ser utilizada pola maquinaria do parque eólico, aínda que non está previsto.	Compatible
TO15041008	Alto da Meda	A subestación, gabiá de cableado e todas as infraestruturas relacionadas co aerogenerador 7 sitúanse a máis de 200 m da localización do topónimo. A presenza de xacementos megalíticos na zona e a existencia de outros topónimos como Monte da Meda e Pedra da Meda fai que se considere unha zona de interese arqueolóxico	Compatible
TO15041004	As Medorras	As obras de acondicionamento do viario entre os aerogeneradores 5 e 6 sitúanse a 380 m ao norte da zona de localización do topónimo.	Sen impacto
GA15041031	Mámoa da Gatañeira	A gabiá de cableado e acondicionado do viario sitúanse a máis de 400 m ao norte do xacemento.	Sen impacto



- Establécense dúas áreas que se denominan de control específico, que poderían ser zonas con potencialidade arqueolóxica:
 - Área de control específico Alto da Meda. Establécese pola proximidade ao devandito topónimo e por que a área na que se proxectan as obras, tanto as da subestación como as do aeroxerador 7, están actualmente cubertas dunha densa capa de vexetación que fixo imposible a revisión fiable en campo destas áreas. Cabe a posibilidade de que varios dos avultamentos que foron detectados tanto no plano de pendentes como no LIDAR respondan a xacementos tumulares non documentados. Preto de algúns destes avultamentos localízanse algunhas das obras proxectadas, como o acondicionamento sobre un camiño existente dun viario de acceso á subestación, que se sitúa moi próximo; ou a gabia de cableado que se situaría ao outro lado desta pista, a uns 12 m ao oeste dun dos avultamentos detectados. O aeroxerador 7 situaríase a 46 m ao norte dunha destas anomalías, e a 35 m ao leste doutra. Valórase este impacto como severo. As medidas correctoras específicas que se propoñen para este caso son: realizar un control arqueolóxico da retirada da vexetación do replanteo e do estaquillado das infraestruturas, subestación, gabia de cableado e aeroxerador 7.
 - Área de control específico Fonte das Meigas. No sector nordeste localízase o topónimo Fonte das Meigas (TOP15041003), recollido tanto no PXOM como no PBA de Galicia. Non se localizou ningún resto asociado a este topónimo. Existen dúas fichas na DXPC, unha do 1986 realizada por Víctor Tomas Botella, e outra do 2001 redactada por Santiago Vázquez Collazo. Cada unha destas fichas localizan en diferentes zonas o topónimo. Os aeroxeradores 10 e 11 sitúanse dentro destas áreas de control. O aeroxerador 11 sitúase a uns 55 m ao S desta zona segundo a localización do PBA. Ao N da localización do topónimo segundo cartografía catastral. O aeroxerador 10 situarase a mais de 200 m da zona de localización que establecera Víctor Tomás e a 100 m da localización da ficha do 2001. O impacto valórase como compatible. Como medidas correctoras específicas establécense: a sinalización da zona na planimetría de obra; o control arqueolóxico da roza e retirada de vexetación na zona de localización dos aeroxeradores 10 e 11, viarios e gabias de cableado; e, por último, de apareceren novos bens arqueolóxicos comunicárase á DXPC para adoptar as medidas correctoras necesarias.
- Asemade, propóñense as seguintes medidas correctoras de carácter xeral:
 - Sinalización dos elementos patrimoniais dentro da poligonal do proxecto construtivo do parque eólico.
 - Control e seguimento arqueolóxico das obras.
 - Establécense unhas bandas de protección de 200 m no contorno dos xacementos arqueolóxicos nas proximidades das obras, áreas onde queda excluída calquera tipo de obra ou zona de acopio.
 - Calquera obra de reforma ou modificación non prevista no proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos/as arqueólogos/as encargados/as do control e seguimento das obras.
 - As obras proxectadas para a construción do parque eólico quedaran restrinxidas as áreas marcadas para tal fin.
 - Prohibición do tránsito e o estacionamento de maquinaria fóra das áreas habilitadas, especialmente, nos contornos dos xacementos arqueolóxicos e nos seus ámbitos de protección.
 - O equipo de arqueólogos/as encargados do control arqueolóxico disporán dun deseño semanal do plan de obra para poder realizar os traballos de revisión do replanteo e control arqueolóxico das rozas nas zonas que non se puido levar a cabo a prospección arqueolóxica de forma axeitada pola abundante vexetación: zonas de localización dos aeroxeradores 1, 2, 6, 7, 8, 13, e 14, e os seus viarios así como a subestación co seu viario e gabia de cableado.
- As medidas correctoras específicas que se propoñen son:

Código	Elemento	Impacto	Medidas correctoras específicas
GA15041025	Mámoa do Forno dos Mouros de Silvoso	Moderado	Sinalización do xacemento arqueolóxico e da súa área de protección na planimetría de obra. Control arqueolóxico da



			retirada de vexetación do tramo de nova apertura do vial ao aeroxenerador 8 e da zona de instalación deste. No sector da curva a rectificar, balizarase o lateral suroccidental da zona de obra delimitando claramente o límite da zona de obra e establecendo unha barreira física coa zona a protexer. Restaurarase a curva anulada máis preto ao xacemento mediante o aporte de material. Non se utilizará a pista situada ao leste do xacemento por parte da maquinaria relacionada coa construción do parque eólico. E valorarase a posibilidade de sinalizalo con sinalética específica durante a construción do parque.
GA15041026	Túmulo As Medorras/Fonte do Ouro	Moderado	Sinalización do xacemento arqueolóxico e da súa área de protección na planimetría de obra. Control arqueolóxico do replanteo da obra. No caso de que se considere necesario, balizarase o lateral sur da pista existente delimitando claramente a zona de obra e establecendo unha barreira física coa zona a protexer.
GA15041024	O Forno dos Mouros do Coto de Altamira	Compatible	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra. Modificarase o trazado da gabia de cableado e a área de acopio dos tramos da torre do aeroxerador de tal forma que se sitúen a máis de 200 m do xacemento arqueolóxico. Control arqueolóxico da apertura do vial e da zona de instalación do aeroxenerador 9. No caso de considerarse necesario, balizarase a zona da plataforma e da zona de manobra da cimentación deste aeroxerador de forma estable e permanente delimitando claramente a zona de obra e impedindo o avance cara á zona de protección do túmulo. Prohibirase o uso da pista existente a carón do túmulo que secciona tanxencialmente o mesmo no seu sector norte. Valorarase a conveniencia de instalar sinalética específica no inicio desta pista prohibido o seu uso para calquera tipo de vehículo relacionado coa construción do parque eólico.
TO15041003	Fonte das Meigas	Compatible	Sinalización da zona do topónimo e a súa área de protección na planimetría de obra. Control da retirada de vexetación na zona das localizacións previstas para os aeroxeradores 10 e 11, vías e gabia de cableado. No caso de detectárense novos xacementos arqueolóxicos comunicaranse á DXPC para que tome as medidas correctoras que considere máis axeitadas en función das novas circunstancias.
GA15041019	O Forno dos Mouros	Compatible	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra. Valorarase a posibilidade de sinalizar como prohibido o uso deste camiño por parte da maquinaria de obra. Calquera tipo de acondicionamento do camiño terá que ser consultado e valorado por parte dos/as técnicos/as a cuo cargo estea o control arqueolóxico das obras do parque eólico.
TO15041008	Alto da Meda	Compatible	Sinalización do lugar designado co topónimo e a súa banda de protección na planimetría de obra. Establecemos unha área de control específico relacionado co topónimo que comprenderá a zona de instalación da subestación, a gabia de cableado e o aeroxerador 7. Recoméndase, ademais o control arqueolóxico da retirada de vexetación, replanteo, estaquillado e apertura de toda a zona afectada tanto pola instalación da subestación, vía, gabia de cableado e aeroxerador 7
TO15041004	As Medorras	Sen impacto	Sinalización da zona do topónimo e a súa área de protección na planimetría de obra.
GA15041031	Mámoa da Gatañeira	Sen impacto	Sinalización do xacemento e da súa área de protección na planimetría de obra.

- No apartado de medidas correctoras específicas engadiuse o xacemento arqueolóxico do Túmulo da Pena da Pía (GA15024003), que non fora recollido anteriormente e que se atopa dentro da



poligonal do parque, aínda que moi afastado das obras proxectadas. Proponse a sinalización do xacemento e o seu contorno de protección na planimetría de obra.

Proxecto de interese autonómico

- O proxecto de interese autonómico estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.
- No apartado 13.5.-Justificación de la alternativa seleccionada e no anexo 3.-Documento de Síntesis Estudio de Impacto Ambiental a alternativa seleccionada é a A, na que se proxecta acondicionar un viario sobre un xa existente dentro da área de protección do xacemento arqueolóxico do Túmulo das Medorras (GA15041026), e outro viario na área do Forno dos Mouros de Silvos (GA15041025). A pesar destas afeccións indícase que se considera que é a que menos afeccións ten.
- No apartado 13.6.-Inventario Ambiental, no referente ao patrimonio cultural, inclúense unha relación de bens, nove elementos e dúas áreas de control específico.
- No apartado Análisis de Compatibilidade Estratégica, no apartado 2.1.-Sostenibilidade, subapartado, e) Conservación de Patrimonio natural e cultural, sinálase que no EsIA incluírase unha avaliación dos efectos e impactos sobre o patrimonio cultural, así como as medidas de protección arqueolóxica recomendables. No proxecto de control e seguimento prevese que de localizarse restos arqueolóxicos durante o control, comunicárase a DXPC, poderá pasarse a unha cautela superior e realizarse unha escavación en área.
- No plano 10.-Afecciones, non se recolle ningunha afección.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como os planeamentos municipais, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e os vieiros interiores do parque, e que son identificados na *Memoria de avaliación do impacto patrimonial*, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- Por outra parte, consta nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a tramitación doutro parque eólico, composto por un so aeroxerador, nas proximidades do parque eólico Coto Loureiro. Trátase do parque eólico Pena Galluda e a súa ampliación no que, na súa avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural recóllese a presenza do Camiño Real de Golmar a Cerceda. Aínda que convertido en pista en parte, este camiño segue a manter esencialmente tanto o trazado como o ancho e rasantes tradicional.
- O deseño do parque eólico Coto Loureiro afecta a un tramo deste camiño real, en primeiro lugar porque se emprega de acceso aos aeroxeradores 1, 2, 3, 4 e 5 e vai ser acondicionado e, en segundo lugar, pola construción dos aeroxeradores 3, 4 e 5 a carón del.
- Tamén, cómpre dicir que nos documentos achegados non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, incremento de largos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc).
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de impacto ambiental (Agosto 2021) cos datos e planimetría do Proxecto de Interese Autonómico (Febreiro 2021), compróbase que non existe diferenzas nas características do proxecto.
- Respecto ao **patrimonio arqueolóxico**:
 - O Concello da Laracha ten un Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado o 30.06.2003, no que se delimitaron unhas áreas de protección integral e uns contornos de



protección de respecto de catro dos xacementos arqueolóxicos que estarían afectados polas obras deste parque eólico, contornos que foron delimitados de maneira reducida e moi axustada. Segundo estas delimitacións establecidas no PXOM, as obras do parque non afectarían os seguinte elementos: O Forno dos Mouros de Silvoso (GA15041025), Túmulo de As Medorras/Fonte do Ouro (GA15041026), O Forno dos Mouros do Coto de Altamira (GA15041024) e O Forno dos Mouros (GA15041019).

- Porén, na memoria da prospección arqueolóxica, en concreto, no apartado 9.1., Medidas de carácter xeral, establecéronse uns contornos de protección xenéricos de 200 m para todos os elementos arqueolóxicos, que son máis amplos que os delimitados no PXOM. Por tanto, parte das obras do parque eólico proxéctanse dentro dalgúns deses contornos de 200 m propostos na devandita memoria e son avaliados con esa perspectiva espacial.
- A curva anulada que se propón restaurar mediante o aporte de material dentro do contorno de protección do xacemento arqueolóxico GA15041025 (Mámoa do Forno dos Mouros de Silvoso) é parte dun viario existente que vén dende o sur, e que quedará desconectado novo viario.
- Logo de analizar o plano de pendentes, localizáronse varias anomalías que deberan ser comprobadas en campo para tratar de confirmar se son xacementos arqueolóxicos. En concreto, un avultamento situado nas coordenadas UTM (F29 ETRS89) X=539194, Y=4783688, que se localiza a uns 349 metros das infraestruturas do parque, en concreto, do viario entre os aeroxeradores 8 e 9. E outro avultamento máis localizado dentro da poligonal do parque nas coordenadas UTM (F29 ETRS89) X=541805, Y=4782748), a 1.862 m das obras máis próximas e o viario entre os aeroxeradores 9 e os localizados na zona de implantación dos aeroxeradores localizados no leste.
- No apartado Análisis de Compatibilidade Estratéxica, no apartado 2.1.- Sostibilidade, subapartado, e) Conservación de Patrimonio natural e cultural, inclúese un listado con 12 elementos do patrimonio cultural, que segundo os redactores deste documento, son recollidos do PBA, se ben dous destes elementos son as áreas de control específicas que foron establecidas na memoria da prospección do parque.
- Respecto ao **patrimonio arquitectónico e etnolóxico**:
 - Entre o patrimonio de carácter arquitectónico destaca o **Mosteiro de San Pedro de Soandres**, situado fóra da poligonal pero moi próximo á aliñación 10-11-12-13-14. A avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural cita este mosteiro na memoria pero non avalía o posible impacto visual que estes aeroxeradores poden ocasionar sobre o mosteiro. O Mosteiro e Igrexa de San Pedro de Soandres están incluídos no catálogo de patrimonio do PXOM da Laracha (código fichas: 5-3 e 1-1). A igrexa, con grado de protección monumental, é un edificio de planta basilical de 3 naves, que no seu muro norte amosa restos do primitivo templo románico en varios canzorros.
 - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe do 18.05.2017 en relación ao *Documento de inicio* (fase de consultas), requiriu para o Estudo de Impacto Ambiental un estudo de visibilidade (foto-simulación) de cara a avaliar a incidencia do parque no Mosteiro de San Pedro de Soandres, en especial a visión dos aeroxeradores 15, 16, 17 e 18 (numeración do documento de inicio) desde este ben e o seu contorno.
 - No zona onde se situaban os aeroxeradores 15, 16, 17 e 18, cunha altura total de 150 m (91,5 m de buxa e 58,5 de pa) proxéctanse agora 5 máquinas (10, 11, 12, 13 e 14) que contan cunha altura total de 173 m (105 m de buxa e 68 de pa) o que supón un incremento de 23 m respecto ao documento de inicio. As distancias respecto ao mosteiro van desde os 975 m (aeroxerador 10) aos 1.655 m (aeroxerador 14).
 - O Anexo D Estudio de impacto e integración paisaxística, incorpora unha única infografía desde as proximidades ao mosteiro (C01) na que non se analiza nin se conclúe nada sobre o impacto concreto no ben, aínda que polo que se pode apreciar desta infografía, o arborado existente atenúa o impacto visual desde o mosteiro.



INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, para poder emitir informe sobre os documentos remitidos (*Estudo de impacto ambiental e Proxecto de interese autonómico*) e continuar a tramitación é necesario que se completen, modifiquen e/ou corrixan tendo en conta o seguinte:

- Deberán comprobarse en campo as anomalías topográficas detectados nos planos de pendentes nas coordenadas UTM (F29 ETRS89) X=539194, Y=4783688, e mais X=541805, Y=4782748, dada a presenza nesta paraxe de varios túmulos megalíticos. De confirmarse a súa entidade como xacementos arqueolóxicos, deberán realizarse as correspondentes fichas normativizadas e incorporarse tanto ao EsIA como ao PIA.
- Respectarase a traza do Camiño Real de Golmar a Cerceda, que non se empregará como acceso aos aeroxeradores 1, 2, 3, 4 e 5 e un contorno de protección de 30 metros libre de obra, polo que deberá proporse un acceso alternativo a estes aeroxeradores que non sexa desde a traza do Camiño Real.
- Completarase o estudo da incidencia visual dos aeroxeradores 10, 11, 12, 13 e 14 desde o Mosteiro e igrexa de San Pedro de Soandres con infografías onde se vexa en conxunto a aliñación dos aeroxeradores, algunha delas mirando á fachada da igrexa. Tendo en conta que o arborado existente (plantacións de eucaliptos) nalgún momento será cortado, sería axeitado adoptar medidas correctoras como podería ser diminuír a altura da buxa das máquinas máis visibles. Cómpre sinalar que no documento de inicio soamente se proxectaban 4 aeroxeradores cunha altura total de 150 m (91,5 m de buxa e 58,5 de pa) e agora se proxectan 5 cunha altura total de 173 m (105 m de buxa e 68 de pa).
- Deberán avaliarse os efectos sinérxicos das infraestruturas do parque eólico respecto do patrimonio cultural.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

